

Fondo solidario de libros de texto

Recollida de libros de texto do curso 2019/20

- Os libros de texto que teñen que ser devoltos obrigatoriamente son os que pertencen ao fondo solidario de libros de texto xestionado polo centro e os libros de texto adicionais prestados polos departamentos didácticos.
- O alumno traerá **todos** os libros que se lle prestaron, que serán comprobados polo titor/a.
- Se ten algunha materia suspensa para setembro poderá levar de volta para casa os libros correspondentes a esas materias suspensas para estudar durante o verán.
- Os libros que se leven para casa durante o verán serán devoltos en setembro cando veñan facer os exames das materias suspensas,.

1- Con anterioridade á entrega as familias deberán:

- Comprobar que os libros teñen o selo e numeración do centro.
- Retirar forros vellos, etiquetas e calquera outro elemento persoal. Comprobar o estado dos libros e identificar os que estean moi deteriorados ou se consideren inservibles.

2- A devolución dos libros farase o día 25 de xuño coincidindo coa entrega dos boletíns de cualificacións no SALON DE ACTOS ou no XIMNASIO PEQUENO dependendo do grupo.

O alumnado agardará o seu turno na entrada mantendo as distancias recomendadas e con mascarilla. Irá entrando de un en un segundo sexa chamado.

3- Establécese o seguinte horario de devolución para os libros de texto

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	FPB (libros do centro)
A	12:00 salón de actos	11:15 ximnasio	10:30 salón de actos	10:00 salón de actos	12:45 ximnasio
B	12:15 ximnasio	11:30 salón de actos	10:45 ximnasio	10:15 ximnasio	-
C	12:30 salón de actos	11:45 ximnasio	11:00 salón de actos	-	-

4- Agradecemos a doación de libros de texto

O curso anterior tivemos a sorte de contar coa desinteresada axuda de familias que mercaron libros de texto e considerando que xa non os ían necesitar os doaron ao centro co cal incrementamos a cantidade de libros dispoñible e puidemos repartir máis libros que nunca, o que favoreceu a toda a comunidade educativa.

Polo tanto, se tedes libros de texto propios que estean vixentes e pensades que xa non os ides necesitar, podeades traelos tamén e nós estaremos encantados de recollelos. Outras familias volo agradecerán.